

Dirixido a:

Este Workshop que organiza a Escola Galega da Paisaxe na Fábrica da Luz de Barxacova, Parada de Sil, Ourense, en réxime de convivencia, está dirixido a titulados universitarios de grao superior ou medio que desenvolven a súa actividade en proxectos de arquitectura, xardinaría ou paisaxismo, así como a estudantes de últimos cursos de carreiras técnicas, con vocación de especializarse dentro do campo da paisaxe.

Matrícula:

O importe da matrícula neste taller é de **200,00 €** que inclúe o aloxamento en réxime de pensión completa na **Fábrica da Luz**, o material docente e o desprazamento desde Santiago de Compostela, en función das necesidades manifestadas polos alumnos.

Preinscrición:

Para formalizar a matrícula, as persoas que estean interesadas deben cubrir o formulario de matrícula, acompañado dun curriculum vitae cunha extensión máxima dun folio. Tanto o formulario como o curriculum deben ser remitidos á Escola Galega da Paisaxe **antes do 5 de xullo**.

Selección de alumnos:

Das solicitudes de matrícula formalizadas, seleccionaranse un máximo de 28 participantes. Para facer a selección valorarase a adecuación do perfil académico e/ou profesional dos solicitantes á actividade a desenvolver no Workshop.

Formalización da matrícula:

Os alumnos seleccionados recibirán unha comunicación por correo electrónico e deberán efectuar o pago da matrícula na conta **0072-0101-94-0000125935** antes do 20 de xullo. Se nesa data non se realizou o pago da matrícula, entenderase que renuncia á súa praza e darase entrada ao seguinte alumno seleccionado da lista de preinscritos.

Aloxamento:

O aloxamento incluído no custo de matrícula, será en réxime de pensión completa na Fábrica da Luz e comprende desde a noite do 8 de setembro até o venres 13 de setembro ao mediodía.